



CPR SAN PELAYO

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

Datos básicos do centro

Dirección: Rúa Calvo Sotelo, 4, CP: 36700 Tui, Pontevedra

Teléfono: 986600051

Correo electrónico: cpr.seminario.tui@edu.xunta.es

Páxina web: <http://seminariomenortui.com/>

1.1. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

* O centro está situado no núcleo urbano de Tui, no suroeste de Galicia

Tui mostra gran dinamismo no eido da cultura, o teatro municipal do edificio Francisco Sánchez é o escenario de moitas actividades culturais pero tamén caben destacar as exposicións, festivais de música e cine que se fan ao longo do ano. Conta tamén con una biblioteca Municipal onde se promoven moitas iniciativas.

* O Plan Dixital do Seminario parte dunhas necesidades que xa aparecían no Proxecto Educativo do noso centro, e contribuirá á Programación Xeral Anual do curso 22/23:

- Planificar o uso das TIC como reforzo de aprendizaxe no centro.
- Aumentar o rango competencial dixital de todos os membros da comunidade educativa.
- Usar contornas aplicativos dixitais cun claro obxectivo de mellora do éxito académico.
- Uso de plataforma dixital e procedementos dixitais en todos os niveis de ensino, e uso das novas tecnoloxías na xestión e administración organizativa do centro.
- Formación do profesorado e con isto aumentar o rango competencial dixital de todos os membros da comunidade educativa.

1.2. Breve xustificación do mesmo

- A Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación establece no seu Art. 111 bis. Punto 2: as contornas virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos deseñados polos docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, y deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo. Nese mesmo artigo, o punto 5 estipula que: As Pax 3 de 44 Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico axeitado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensinanza e aprendizaxe. Asemade no Art. 121 ínstase a que o proxecto educativo de centro recollerá así mesmo a estratexia dixital do centro . Ditas Responsabilidades recaerán na dirección do centro segundo o disposto no Art. 132.
- A Disposición adicional quinta da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022 di: Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.
- Finalmente a implantación o desenvolvemento dos Plans Dixitais do Centros de Ensino Públicos se concretan na Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.3. Proceso de elaboración

Para a realización do actual PLAN DIXITAL do CPR San Pelayo foi deseñado o seguinte marco organizativo:

- Fase I (mes de marzo). Organización de enquisa SELFIE de autoavaliación entre alumnado e profesorado do centro levado a termo polo Coordinador TIC do centro.
- Fase II (mes de abril). Comezo da redacción do Plan Dixital do centro.
- Fase II (mes de abril). Análise DAFO das situación das TIC e das competencias dixitais no centro levados a termo polo Coordinador TIC do centro.
- Fase IV(mes de maio). Finalizar a redacción do Plan Dixital do centro. Redacción coordinada pola Coordinación TIC do centro

2. Situación de partida

Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O CPR San Pelayo dispón de :

- Conexión de internet, teléfono e fax
- Temos 23 equipos, separados en : 13 en un aula dixitalizada, 4 equipos nas aulas de cada grupo da ESO, 4 equipos para uso do alumnado na biblioteca, 1 equipo para o uso do profesorado, un equipo para uso da administrativo. Non temos proxecto E-Dixgal.
- Servizos dixitais educativos: O centro dispón de páxina web, así como plataforma educativa SM Educamos e aula virtual TEAMS, espazoAbalar e Abalarmóbil.
- A xestión do centro faise a través dunha empresa externa especializada en reparación e mantemento de equipos así como co coordinador TIC do centro.
- A xestión das copias de seguridade faise de xeito persoal por parte do profesorado agás os contidos na plataforma dixital que están a cargo da empresa contratada.

2.1. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		2.1			
	Profesorado		3.1			
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		2.2			
	Profesorado		2.7			
	Alumnado		2.8			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		2.4			
	Profesorado		3.1			
	Alumnado		2.7			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		2.4			
	Profesorado		3.1			
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		2.9			
	Profesorado		4			
	Alumnado		4.1			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		2.6			
	Profesorado		3			
	Alumnado		3.4			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		2.2			
	Profesorado		2.7			
	Alumnado		2.5			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3			
	Profesorado		3.5			
	Alumnado		3.4			

Test CDD: Pódese incluír a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Tamén pode interesar reflectir o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO			
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO				
BAC				
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2		
B1		
B2		
C1		
C2		
TOTAL		

Otras fontes: Incluir a información relativa a outras fontes empregadas para a análise DAFO.

2.2. Análise DAFO

[Recomendacións para este apartado]: A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO		Non temos suficiente equipamento dixital nas aulas ESO. Os equipos dispoñibles non están en óptimas condicións. A aula taller non dispón de equipos informáticos. Falta de tecnoloxías asistenciais para o alumnado con necesidades especiais. Falta de equipos móbiles que se adapten aos espazos
	PERSOAL DOCENTE	Emprego de entornos virtuais (equipo directivo e profesorado) Dispoñibilidade para formación. No noso centro existe un comportamento colaborativo entre o profesorado na utilización de tecnoloxías dixitais.	Nivel de competencia dixital medio-baixo na maioría do profesorado. Falta de tempo para a creación de repositorios propios.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	En xeral, o noso alumnado dispón de recursos e dispositivos dixitais na casa para o traballo escolar. O noso alumnado usa recursos e ferramentas dixitais, contornos virtuais de aprendizaxe e plataformas en liña dentro e fóra da aula.	Baixa competencia en codificación e programación.
	FAMILIAS	Boa comunicación co alumnado e as familias mediante a aula virtual	Baixa competencia dixital dos responsables do alumnado.
	OFERTA	Repositorios en liña con material de ensinanza e aprendizaxe	Material obsoleto en algúns casos.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Diifusión de información en RRSS e a través da páxina web do centro. No noso centro está normalizado o uso da tecnoloxía e os recursos nas diferentes tarefas académicas (uso do XADE, Aula Virtual, WEB, Abalar, Correo electrónico corporativo).	Falta dunha estratexia dixital clara). Tempo limitado para explorar a competencia dixital.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
C A T E G O R Í A S	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Asesoramento dixital por parte do Adix do noso centro. Profesorado compartido con outros centros.	O profesorado ten tanta carga burocrática que lle impide dedicar tempo a explorar novos métodos de ensinanza con tecnoloxías dixitais. O profesorado non dispón de tempo suficiente para investigar metodoloxías baseadas nas tecnoloxías.
	LEXISLACIÓN	Axudas económicas para a implantación da dixitalización na educación.	A nosa situación de centro privado.
	CONTORNA	O centro ofrece uns valores para o bo uso das tecnoloxías. É un centro pequeno e polo tanto a atención é personalizada.	Temos ao noso carón unha gran oferta de centros públicos.
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		

3 Plan de Acción

Unha vez definida a nosa realidade e tendo en conta a situación de partida, definimos o plan de acción. Este instrumento debe ser realista, viable e asumible por toda a comunidade educativa. Unha vez analizada a información, e identificadas as áreas de mellora, o deseño das accións do Plan supón levar a cabo os seguintes pasos:

1. Determinar os obxectivos que queremos conseguir. Estes obxectivos deben ser:
 - Específicos, é dicir, deben ser o máis concretos posibles. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como.
 - Medibles. Deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible non poderemos saber cando o conseguimos.
 - Alcanzables, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero posibles.
 - Realistas. Debemos propoñernos obxectivos que estean dentro das nosas posibilidades (tanto por recursos dispoñibles como pola motivación para logralos).
 - Definidos no tempo. Isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que nos permitirán alcanzalos.
2. Definir os indicadores que permitirán avaliar a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben responder a escalas numéricas, e deben ir acompañados dun valor obxectivo ou meta que é aquel que nos marcamos segundo o obxectivo ao que fan referencia.
3. Definir as accións (polo menos dúas por cada área) necesarias para alcanzar os obxectivos. As accións incluírán:
 - Os recursos (humanos e materiais) necesarios para levalas a cabo.
 - O prazo de execución.

3.1 Obxectivos, indicadores e accións

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”:						
OBXECTIVO 1 (1):	FORMACIÓN DO PROFESORADO				Acadado	
RESPONSABLE:	EQUIPO DIRECTIVO				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	ACTA DE CICLO					
Valor de partida (3)	O profesorado está 20%					
Valor previsto e data (4)	O profesorado chegará ao 40%					
ACCIÓN S A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Anotarse a cursos de competencias dixitais	M ^a José Gonzáles Pérez	Xuño 2023	FIT formación Acceso a FP profe	Memoria do plan de Acción Dixital. Actas de ciclo	Realizada	x
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Empregar a aula virtual	M ^a Concepción Domínguez Pereira	Xuño 2023	Ordenador	Memoria do plan de Acción Dixital. Actas de ciclo	Realizada	x
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Emprego da páxina web do centro	Sebastián Castro Miranda	Xuño 2023	Profesado e alumnado	Memoria do plan de Acción Dixital. Actas de ciclo	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	x

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Cobertura WIFI

Abarcar todo o centro, especialmente o salón de actos e a aula taller e así poder utilizar o equipamento portátil en calquera lugar do instituto.

Equipos Informáticos

Renovación de equipos na aula de informática debido á limitación no uso de programas nas materias de Tecnoloxía e Dixitalización, en algún caso a renovación é necesaria pola obsolescencia.

Compra de polo menos un equipo informático para a aula taller.

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIONS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4 Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan dixital e da consecución de obxectivos, realizarase en dúas etapas:

- Realizarase unha avaliación do plan cun periodicidade trimestral. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles adaptacións das accións.*
- Ao remate do curso realizarase unha avaliación final, onde se incluírá a valoración do logro dos obxectivos.*

5 Difusión do plan

O documento estará a disposición de toda a comunidade educativa na páxina web do centro e será difundido a través das redes sociais ou plataforma dixital empregadas habitualmente polo centro. Ademais estará dispoñible en formato impreso na secretaría do centro e na sala de profesores.